

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

27 de decembro de 2024

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día vinte e sete de decembro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D^a. María Nava Castro Domínguez (PP), D^a. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa María Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste a deputada D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.



Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8314.- **ACTA ANTERIOR**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/R43Cj3nM1HdgE1MsFpqqiNPx9w14oQtmYmvhHnz7hl08WwqM>

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 29 de novembro.

a) Parte resolutiva:

2.8315.- **RESOLUCIÓN DE RECLAMACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO DE 2025 (EXPTES. 2024082240 – 2024070707 – 2024051200 - 2024069258)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/OsrskCAZaHg5jDrd2wRI74uNsr81jeWWIatjorlq2fXYBH9f>

Resultando que por acordo adoptado no Pleno da Corporación celebrado o 08/11/2024 aprobouse provisionalmente o orzamento provincial para o ano 2024, cadro de persoal e relacións de postos de traballo, sendo publicado o anuncio no Boletín Oficial da provincia nº 219 do 11 de novembro de 2024.

Resultando que o prazo establecido para formular alegacións á relación de postos de traballo é de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, polo que finaliza o próximo día 10 de decembro de 2024.

Resultando que dentro do referido prazo, presentáronse a través da sede electrónica da Deputación as seguintes alegacións- reclamacións ás RPTs, cuxo contido expónse, de forma extractada, a continuación:



A) Alegacións da sección sindical de UGT, rexistro do 02/12/2024:

En xeral, reitera as alegacións formuladas na Mesa Xeral de Negociación, que en síntese versan sobre as seguintes materias:

A necesidade de efectuar unha planificación da xestión de persoal e de establecer criterios obxectivos de presupostación para posteriormente marcar a súa ordenación a medio prazo en función dos recursos económicos dispoñibles.

1. O contido das bases de aplicación de retribucións, nas que se debería incluír:

- A asignación das retribucións complementarias nas prazas do novo Grupo B, xa que os criterios utilizados non foron negociados coa representación do persoal.
- A previsión de retribuír a compensación económica pola cobertura de ausencias puntuais en base á interpretación do art. 8.2 do Acordo Regulador.
- A equiparación do importe da gratificación dos sábados á dos domingos e festivos.

2. O contido das RPT's nas que debería figurar información relativa aos sistemas de provisión dos postos de traballo e prazas, e á súa clasificación na administración xeral e especial.

3. Garantir que calquera movemento no cadro de persoal que implique traslados de postos, se efectúe respectando os principios de convocatoria pública, publicidade e libre concorrência, debéndose adoptar criterios de xeral aplicación no eido da negociación colectiva para as provisións temporais por comisión de servizos ou adscrición provisional.

4. Revisar a valoración dos subconceptos retributivos que conforman o complemento específico, xa que descoñecen as valoracións técnicas que se aplican, e algunhas entenden que non son axeitadas ou resultan incongruentes.

5. Configuración do cadro de persoal de acordo co disposto no art. 38 da Lei 2/2015.

6. Creación de prazas e postos de traballo en varios servizos como o Museo Provincial, Infraestruturas, Benestar Social, Areiro, provisión de postos vacantes e creación de xefaturas de sección no Servizo Oral co complemento de especial dedicación, etc.



B) Alegación da funcionaria Dona Cristina Peleteiro Gallego, rexistro do 02/12/2024:

Dita funcionaria reclama contra a redución do importe de complemento específico adicional do seu posto de traballo, de xefatura de sección de Contidos web, alegando a falta de xustificación desta modificación, polo que compara a valoración do seu posto con outros postos de traballo de igual nivel e similares características, e facendo fincapé no caso da xefatura de xestión de persoal en nóminas e seguros sociais e noutro de asesoría xurídica, así como na evolución que tiveron estes postos e outro de Intervención nos anos seguintes. Entende que esta modificación non responde a un erro, se non a unha decisión arbitraria, pouco crible ao pasar por tantas fiscalizacións e contando con tanto persoal o Servizo de RRHH e Intervención, precisando que se ese erro fose certo e non desen validez ás súas alegacións e explicacións, se lle provocaría un prexuízo evidente, sendo responsables varios Servizos da Deputación, xa que esta medida repercute nos exercicios pasados, ao ter unha maior retención da que lle correspondería a efectos do IRPF e non poder recibir durante ese tempo bolsas para os seus fillos, quedando nalgunhas ocasións ao límite da súa concesión, ao igual que nas axudas de material escolar, ordenadores do Concello de Pontevedra, bolsas de comedor da Universidade, etc., que lle houberen correspondido, xa que quedaba neses casos nunha horquilla de entre 118 e 284 € por superar a renda per cápita para a súa obtención, responsabilidade que estima alguén tería que asumir de seguir adiante con este erro e baixarlle o importe do complemento específico adicional.

A modificación do complemento extra adicional (CEA) de dita funcionaria responde a un erro que se detectou este ano facendo unha revisión deste subconcepto retributivo, e na que se identificaron un total de 7 postos de traballo que tiñan un CEA inferior ao que lle correspondía e 2 cun CEA superior (un vacante e o outro o da recorrente). En cómputo anual supón unha redución de 429,34 €. O erro deriva da asignación dun CEA que leva incorporado o factor dedicación, cando o posto de traballo que desempeña non o ten recoñecido. Dito erro arrástrase dende a creación dese posto no ano 2016, polo que procede regularizar esta situación e equiparar o importe do CEA ao dos demais postos de traballo de iguais características, é dicir de xefatura de sección, A1 nivel 26 sen dedicación, o que representa un



complemento específico total de 10.418,01 €, en lugar de 10.847,35 €, tal e como se reflicte no seguinte cadro:

Posto de traballo	CD	COMPLEMENTO ESPECÍFICO ANO 2016					
		EDT	Respon- sabilida- de	Dedica- ción	Factor correcti- vo	CEA	Total CE
Xefatura sección contidos web Con dedicación	26	4.005,05	4.146,41	10.083,30	1.075,24	1.620,65	20.930,65
Xefatura sección contidos web Sen dedicación, cos importes incorrectos e asignados á recorrente	26	4.005,05	4.146,41	---	1.075,24	1.620,65	10.847,35
Xefatura sección contidos web Sen dedicación e cos importes correctos	26	4.005,05	4.146,41	---	1.075,24	1.191,31	10.418,01
Diferencia CEA						- 429,34 €	

A diferenza actual no ano 2024 ascende a un total de 508,59 €.

Resultando que por outra parte, revisada a documentación que forma parte do expediente procede efectuar as seguintes rectificacións, por omisións detectadas no cadro de persoal e nas RPTs ou cambios de situación producidos con posterioridade á aprobación inicial:

- No cadro de persoal funcionario e na RPT do Servizo Oral, figuran 9 prazas de técnico/a de xestión tributaria, asociadas a 9 postos de traballo de técnico/a medio/a de xestión tributaria (un deles con dedicación), cando terían que aparecer 10 prazas e postos de traballo, debido á inclusión neste orzamento de dúas prazas de nova creación. Como consecuencia, cámbiase o cadro de persoal funcionario e a RPT deste Servizo, quedando con 10 prazas de técnico/a de xestión tributaria, asociadas a 10 postos de técnico/a medio/a de xestión tributaria (un deles con dedicación).
- Na RPT de persoal laboral fixo do Servizo Oral existen dous postos de traballo ocupados interinamente por DCB e MMAR, polo que a fin de equipar o réxime xurídico do persoal que desenvolve funcións reservadas a persoal



funcionario, transfórmanse estes dous postos de traballo de persoal laboral fixo de administrativo/a, do subgrupo C1, en dúas prazas de persoal funcionario, de administrativo/a rama tributaria, do subgrupo C1, con posto de traballo de administrativo/a de xestión tributaria. As persoas contratadas interinamente continuarán desempeñando ditos postos con cargo ás vacantes de nova creación e ata que as prazas se cubran polo procedemento regulamentario.

– No cadro de persoal funcionario créase unha praza de administrativo/a rama tributaria, do subgrupo C1, con posto de traballo de administrativo/a de xestión tributaria, a costa da amortización dun posto de traballo de persoal laboral fixo de administrativo do Servizo Oral, con motivo da xubilación por incapacidade permanente da titular, notificada o 12/12/2024, e por tratarse de funcións que están reservadas a persoal funcionario.

– Na RPT do Centro Príncipe Felipe figuran 2 postos de traballo de oficial/a xefe/a de Costura, nivel 18, que ao quedar vacantes pola xubilación das titulares, debíanse equiparar aos restantes, polo que se efectúa dito cambio, sumando un total de 6 postos de oficial/a de costura e roupeiro, nivel 17.

– Na RPT do Centro Príncipe Felipe cámbiase a denominación dun posto de traballo de oficial/a de servizos xerais e roupeiro, nivel 17, ocupado por (SPC), nun posto de oficial/a de costura e roupeiro, de nivel 17, por unificación de funcións e contido respecto aos demais postos desta Unidade.

– Na RPT do Centro Príncipe Felipe asígnase a un posto de traballo de oficial de control e vixilancia, do subgrupo C1, creado para reclasificación do persoal e por equiparación de funcións, o nivel 22 pola atribución das funcións de xefatura da Unidade de Control e Vixilancia do Centro PF.

Resultando que sobre a aprobación inicial procede efectuar unha corrección dos erros detectados no documento “01 DEPO_06.- BASES ORZAMENTO DEPUTACIÓN PROVINCIAL, ANO 2025”, no ANEXO II _”Subvencións nominativas”, páxinas 82 a 93, de forma que

Onde di:

250- IGUALDADE



APLICACIÓN			BENEFICIARIO/ FINALIDADE	IMPORTE	Obxecto e finalidade
250	2315	45394	CONVENIOS UNIVERSIDADES	80.000 €	
		Q86500002B	UNIVERSIDADE DE VIGO	50.000 €	Formación e investigación en materia de igualdade

334- SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E SERVIZOS LINGÜÍSTICOS

APLICACIÓN		BENEFICIARIO/ FINALIDADE	IMPORTE	Obxecto e finalidade
3340	48905	OUTRAS TRANSFERENCIAS PARA ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN	270.000 €	
	Q8650002B	UNIVERSIDADE DE VIGO (GRUPO DE INVESTIGACIÓN GRADES)	20.000 €	Actividades dinamización da lingua galega 2025: Segundo o Convenio Marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Deputación de Pontevedra, asinado o 18 de decembro de 2015, ambas as entidades acordaron establecer relacións de colaboración para realizar actividades e proxectos de forma conxunta que representen unha mellora para a sociedade e contribuír a que esta entidade, que ten como obxectivo a promoción do uso do galego en todos os ámbitos da comunidade educativa en particular e da cidadanía en xeral leve a cabo diversas actividades de dinamización da lingua no ano 2025

410- MEDIO AMBIENTE

APLICACIÓN			BENEFICIARIO/ FINALIDADE	IMPORTE	Obxecto e finalidade
410	4190	78901	OUTRAS TRANSFERENCIAS VARIAS	172.000 €	
		G15560576	ASOC SECTORIAL FORESTAL GALEGA-ASEFOGA	18.000 €	Transformación Dixital Integral. Dixitalización de arquivo e dos procesos de xestión documental do Consello Regulador do Mexillón de Galicia.



942- COOPERACIÓN

APLICACIÓN			BENEFICIARIO/ FINALIDADE	IMPORTE	Obxecto e finalidade
942	2410	45394	ACHEGAS EN CONVENIO CON UNIVERSIDADES, F. EMPREGO	30.000 €	
		Q8650002B	UNIVERSIDADE DE VIGO	30.000 €	PROXECTOS CONXUNTOS UNIVERSIDADE-EMPRESA

Debe dicir:

250- IGUALDADE

APLICACIÓN			BENEFICIARIO/ FINALIDADE	IMPORTE	Obxecto e finalidade
250	2315	45394	CONVENIOS UNIVERSIDADES	80.000 €	
		Q8650002B	UNIVERSIDADE DE VIGO	40.000 €	Formación e investigación en materia de igualdade

334- SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E SERVIZOS LINGÜÍSTICOS

APLICACIÓN		BENEFICIARIO/ FINALIDADE	IMPORTE	Obxecto e finalidade
48905		OUTRAS TRANSFERENCIAS PARA ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN	270.000 €	
	Q8650002B	UNIVERSIDADE DE VIGO	20.000 €	Actividades dinamización da lingua galega 2025: Segundo o Convenio Marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Deputación de Pontevedra, asinado o 18 de decembro de 2015, ambas as entidades acordaron establecer relacións de colaboración para realizar actividades e proxectos de forma conxunta que representen unha mellora para a sociedade e contribuír a que esta entidade, que ten como obxectivo a promoción do uso do galego en todos os ámbitos da comunidade educativa en particular e da cidadanía en xeral leve a cabo diversas actividades de dinamización da lingua no ano 2025



410- MEDIO AMBIENTE

APLICACIÓN			BENEFICIARIO/ FINALIDADE	IMPORTE	Obxecto e finalidade
410	4190	78901	OUTRAS TRANSFERENCIAS VARIAS	172.000 €	
		Q8655621D	CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE PROTEXIDA MEXILLÓN GALICIA	18.000 €	Transformación Dixital Integral. Dixitalización de arquivo e dos procesos de xestión documental do Consello Regulador do Mexillón de Galicia.

942- COOPERACIÓN

APLICACIÓN			BENEFICIARIO/ FINALIDADE	IMPORTE	Obxecto e finalidade
942	2410	45394	ACHEGAS EN CONVENIO CON UNIVERSIDADES, F. EMPREGO	30.000 €	
		Q8650002B	UNIVERSIDADE DE VIGO	15.000 €	PROXECTOS CONXUNTOS UNIVERSIDADE-EMPRESA

Dita corrección materialízase engadindo ao expediente o documento:

- “01 DEPO_06 bis.- BASES ORZAMENTO DEPUTACIÓN PROVINCIAL, ANO 2025”

Resultando que unha vez analizadas as alegacións formuladas en tempo e forma, así como as aludidas rectificacións, o deputado delegado de persoal propón:

- Desestimar as alegacións presentadas pola sección sindical de UGT, xa que ningunha delas se fundamenta nos motivos de reclamación previstos no artigo 170.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Desestimar a alegación presentada pola funcionaria Dona Cristina Peleteiro Gallego, ao producirse un erro na valoración do complemento extra adicional do seu posto de traballo, que leva incorporada a parte proporcional do importe da dedicación dun posto de xefatura de sección nivel 26, cando o seu posto de traballo non ten asignado este factor retributivo, en igualdade de condicións que os demais postos de traballo de similares características e con idénticos subconceptos retributivos.
- Rectificar o cadro de persoal e RPTs co obxecto de integrar as modificacións indicadas por omisións non recollidas na aprobación inicial ou cambios de situación xerados con posterioridade.



– Efectuar a corrección dos erros mencionados no documento “01 DEPO_06.- BASES ORZAMENTO DEPUTACIÓN PROVINCIAL, ANO 2025”, no ANEXO II _”Subvencións nominativas”, páxinas 82 a 93.

O custo salarial que deriva destes cambios pódese afrontar co montante total do crédito inicial, debido á existencia de vacantes nos Servizos aos que están adscritos os correspondentes postos de traballo.

Considerando que o artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), e artigo 22.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, que desenvolve o capítulo primeiro do título VI da Lei 39/88, dispón que unicamente poderán entablarse reclamacións contra o orzamento:

- a) *Por non terse axustado a súa elaboración e aprobación ós trámites establecidos nesta Lei.*
- b) *Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á Entidade Local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.*
- c) *Por seren de manifesta insuficiencia os ingresos con relación ós gastos orzamentarios ou ben destes respecto ás necesidades para as que estean previstos.*

Considerando que tal e como determina o artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, pola que se aproba a Lei do emprego público de Galicia, a relación de postos de traballo, previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido o devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se expuxeron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas. Unha vez aprobada definitivamente, remitirase copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia.

Considerando que a tenor do disposto no art. 37 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada Administración



Pública e co alcance que legalmente proceda, entre outras, a aplicación do incremento das retribucións do persoal ó servizo das Administracións Públicas así como a determinación e aplicación de retribucións dos funcionarios, quedando excluídas expresamente da obrigatoriedade da negociación as decisións das Administracións Públicas que afecten as súas potestades de organización e a determinación das condicións de traballo do persoal directivo, entre outras. Neste senso, unha ampla e reiterada xurisprudencia, como a recollida na Sentenza do TSJ de Extremadura núm. 532/2005 de 16 xuño, reconece que o principio de autoorganización nas Administracións Locais, nas distintas materias relacionadas coa súa organización administrativa, está referido, fundamentalmente, á facultade para establecer as súas propias estruturas organizativas, de conformidade coa Constitución e os límites que estableza o Lexislador. Iso leva que sexa a Administración o único ente que pode e debe valorar as concretas necesidades da súa organización administrativa e definir as características dos postos de traballo que forman parte da súa estrutura administrativa en exercicio desa potestade de autoorganización. Na mesma liña pronúnciase o tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do contencioso-administrativo, Sección 1ª), mediante sentenza núm. 451/2012 de 21 marzo, ao indicar que “a finalidade do mellor servizo aos intereses xerais que se desprende do artigo 103 da Constitución presupón a atribución á Administración da capacidade de organización e coordinación dos seus servizos, sendo indiscutible tal facultade da Administración de organizar os servizos ao seu cargo na forma que estime máis conveniente aos intereses públicos, (...). A elaboración ou confección da RPT integra, por tanto, unha cuestión organizativa que atopa adecuado encaixe dentro das facultades que nese aspecto corresponden á Administración (...).

Considerando que examinadas as alegacións formuladas pola Sección Sindical de UGT pódese comprobar que ningunha delas se fundamenta nos motivos contemplados no referido artigo 170.2 do TRLRFL, non son materia obxecto de negociación no orzamento provincial e a maioría afectan á potestade de autoorganización da Corporación Provincial, a quen lle incumbe valorar as concretas necesidades da organización administrativa, coordinar os servizos e definir as características dos postos de traballo que forman parte da súa estrutura. Ademais, gran parte xa foron tratadas na negociación e reproducen as expostas no seu momento.

Considerando que as rectificacións do cadro de persoal e relacións de postos de traballo que se propoñen neste expediente de aprobación definitiva, por



omisións non contempladas na aprobación inicial, que afectan á denominación de tres postos de traballo, por equiparación de funcións e a unificación do réxime xurídico de tres postos laborais fixos do Servizo Oral, que se configuran como de persoal funcionario, así como a rectificación dun complemento de destino, tramítanse en virtude da potestade de autoorganización da corporación provincial co fin de adecuar a estrutura de persoal ás necesidades reais desta Administración, garantir o normal funcionamento dos servizos e adecuar as prazas e postos ás funcións que están a desenvolver, o que se leva a cabo con fundamento no artigo 4.1 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local.

Considerando que a alegación da funcionaria D^a Cristina Peleteiro Gallego débese á modificación do complemento extra adicional (CEA) do posto de traballo que desempeña, de xefatura de Sección de Contidos Web (integrado no complemento específico anual), tras advertirse que tiña asignado un importe que non lle correspondía, por equipararse dito CEA no momento da súa creación a un posto de traballo con dedicación cando o seu posto non tiña asignado o factor dedicación dentro do complemento específico, sen embargo, percibía o seu valor no importe do CEA.

Considerando que o complemento extra adicional (CEA) creouse na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2007, 2008 e 2009, artigo 22, nos que se recollía que adicionalmente, a masa salarial dos funcionarios, experimentaría un incremento do 1 por 100 que se destinará ao aumento do complemento específico, ou concepto adecuado, co obxecto de lograr, progresivamente en exercicios sucesivos, unha acomodación de tales complementos que permitise a súa percepción en 14 pagas ao ano, doce ordinarias e dous extraordinarias nos meses de xuño e decembro. Dende entón o complemento extra anual que resultou deses incrementos, vense percibindo en 14 pagas, das que 12 son iguais e se acreditan mensualmente, e as dúas restantes, que conforman o CEA, nos meses de xuño e decembro.

Considerando que o erro que se detectou no importe do CEA da funcionaria Dona Cristina Peleteiro Gallego, produciuse cando se transformou no ano 2016 o seu posto de traballo de xefatura de negociado do nivel 25, nunha xefatura de Sección do nivel 26, asignándoselle a contía do CEA doutro posto de xefatura de sección das mesmas características, sen dedicación e que tamén por erro, tiña incluída a parte proporcional da dedicación neste concepto



retributivo, enlazándose un erro con outro. De aí que a recorrente se comparase con outros postos de traballo de xefatura de sección do subgrupo A1, sen dedicación, existentes na RPT do ano 2016, nos cales se observa o mesmo erro, ao incorporar no aludido concepto a parte proporcional da dedicación, que non tiñan recoñecida.

Considerando que respecto as mencionadas omisións no cadro de persoal e RPTs, cabe sinalar que a aprobación inicial é un acto de trámite que pode ser modificado antes da aprobación definitiva no período de reclamacións, tal como precisan os artigos 169 e 170 do TRLRFL. Ademais, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, (LPACAP), permite ás Administracións Públicas rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Considerando que segundo se recolle no artigo 33.1 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, corresponde ó Pleno da Corporación Provincial a aprobación e modificación dos orzamentos, ao amparo do disposto na Lei Reguladora de Facendas Locais.

En base ós antecedentes e fundamentación xurídica exposta e visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP, cos votos en contra do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG:

PRIMEIRO: Desestimar a alegación presentada por Dona Cristina Peleteiro Gallego por producirse un erro na valoración do complemento extra adicional (CEA) do seu posto de traballo (integrado na contía total complemento específico), ao levar incorporada a parte proporcional do importe da dedicación dun posto de xefatura de sección nivel 26, cando o seu posto de traballo no ten asignado este factor retributivo, en igualdade de condicións que os demais postos de traballo de similares características e con idéntidos subconceptos retributivos.

SEGUNDO: Desestimar as alegacións presentadas polo Sindicato UGT polas razóns expostas nos apartados anteriores.



TERCEIRO: Aprobar definitivamente o cadro de persoal e relacións de postos de traballo do ano 2025 coas modificacións sinaladas sobre a aprobación inicial na proposta do deputado delegado de persoal, concretamente as seguintes:

- No cadro de persoal funcionario onde di 9 prazas de técnico/a de xestión tributaria do subgrupo A2, debe dicir 10, que se corresponden con 9 postos de traballo de técnico/a medio/a de xestión tributaria, sen dedicación, e 1 con dedicación.
- No cadro de persoal funcionario inclúense dúas prazas de administrativo/a rama tributaria, dentro do subgrupo C1 da escala de admón. xeral, con posto de traballo de administrativo/a de xestión tributaria adscritos ao Servizo Oral, pola supresión de dous postos de igual categoría de persoal laboral fixo, a fin de equiparar o réxime xurídico do persoal que desenvolve funcións reservadas a persoal funcionario. As traballadoras contratadas interinamente continuarán desempeñando ditos postos con cargo ás vacantes de nova creación e ata que as prazas se cubran polo procedemento regulamentario.
- No cadro de persoal funcionario créase unha praza de administrativo/a rama tributaria, do subgrupo C1, con posto de traballo de administrativo/a de xestión tributaria, a costa da amortización dun posto de traballo de persoal laboral fixo de administrativo/a do Servizo Oral, con motivo da xubilación por incapacidade permanente da titular, notificada o 12/12/2024, e por tratarse de funcións que están reservadas a persoal funcionario.
- Na RPT do Centro Príncipe Felipe transfórmanse 2 postos de traballo de oficial/a xefe/a de Costura, nivel 18, vacantes pola xubilación das titulares, en 2 postos de oficial/a de costura e roupeiro, nivel 17.
- Na RPT do Centro Príncipe Felipe cámbiase a denominación dun posto de traballo de oficial/a de servizos xerais e roupeiro, nivel 17, ocupado por (SPC), nun posto de oficial/a de costura e roupeiro, de nivel 17, por unificación de funcións e contido respecto aos demais postos desta Unidade.
- Na RPT do Centro Príncipe Felipe asígnase a un posto de traballo de oficial de control e vixilancia, do subgrupo C1, creado para reclasificación do persoal



e por equiparación de funcións, o nivel 22, pola atribución das funcións de xefatura da Unidade de Control e Vixilancia nese Centro.

CUARTO: Emendar os erros detectados no documento “01 DEPO_06.- BASES ORZAMENTO DEPUTACIÓN PROVINCIAL, ANO 2025”, no ANEXO II _”Subvencións nominativas”, páxinas 82 a 93, quedando tal e como se detalla no apartado sexto dos antecedentes deste informe.

QUINTO: A aprobación definitiva do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra para o exercicio de 2025 que está integrado por:

-O orzamento da Deputación de Pontevedra, por importe de 209.876.081,00 euros.

-O orzamento da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería, por importe de 658.022,00 euros.

-O orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, por importe de 5.374.700,00 euros.

- O orzamento do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, por importe de 1.257.436,00 euros.

-O orzamento xeral consolidado, por importe de:

-En ingresos.....214.569.901,00 euros.

-En gastos.....214.569.901,00 euros.

-As bases de execución do orzamento xeral da Deputación, e as específicas da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

-O organigrama da Deputación, o da Fundación Escola Universitaria de Enfermería o do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do



servizo contra incendios e salvamento e o do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

-Os cadros do persoal funcionario, as relacións de postos de traballo e os cadros do persoal laboral fixo, directivo e eventual da Deputación de Pontevedra, da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e do Consorcio para o servizo contra incendios e salvamento das comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

-O Anexo de investimentos para o exercicio 2025.

-O plan (marco) orzamentario a medio prazo 2024-2026.

-Os resúmenes por capítulos dos estados de gastos e ingresos dos orzamentos indicados, que son os seguintes:

ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	53.994.314,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	49.053.413,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	788.765,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	44.733.819,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	1.000.000,00 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>149.570.311,00 €</i>
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais	15.029.572,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	42.842.156,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	272.400,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	2.161.642,00 €
<i>Total Operacións de Capital</i>	<i>60.305.770,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO	209.876.081,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Impostos directos	18.579.516,00 €



Capítulo 2.- Impostos indirectos	14.082.457,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	12.766.154,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	158.542.902,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	3.594.552,00 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>207.565.581,00 €</i>
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	850.500,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.200.000,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	260.000,00 €
<i>Total Operacións de Capital</i>	<i>2.310.500,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO	209.876.081,00 €

**ORZAMENTO DA FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE
ENFERMERÍA**

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	595.522,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	61.400,00 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	100,00 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>657.022,00 €</i>
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais	1.000,00 €
<i>Total Operacións de Capital</i>	<i>1.000,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO	658.022,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTES	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	125.000,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	532.020,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	2,00 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>657.022,00 €</i>
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.000,00 €
<i>Total Operacións de Capital</i>	<i>1.000,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO	658.022,00 €

**ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A
PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.**



ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN CORRENTE	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	4.601.800,00 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	721.100,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	5.000,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	3.000,00 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>5.330.900,00 €</i>
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais	36.800,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	7.000,00 €
<i>Total Operacións de Capital</i>	<i>43.800,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO.....	5.374.700,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTE	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.234.600,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	3.140.000,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	100,00 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>5.374.700,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO	5.374.700,00 €

ORZAMENTO DO CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DAS COMARCAS DE DEZA E TABELÓS-TERRA DE MONTES.

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓN CORRENTE	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	1.064.627,22 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	192.308,78 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>1.256.936,00 €</i>
OPERACIÓN DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais	500,00 €
<i>Total Operacións de Capital</i>	<i>500,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO	1.257.436,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓN CORRENTE	
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	269.300,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	988.136,00 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>1.257.436,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO	1.257.436,00 €



ORZAMENTO CONSOLIDADO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

ESTADO DE GASTOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Gastos de Persoal	60.256.263,22 €
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	50.028.221,78 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	788.865,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	42.143.481,00 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	1.003.000,00 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>154.219.831,00 €</i>
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Investimentos reais	15.067.872,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	42.841.156,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	279.400,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	2.161.642,00 €
<i>Total Operacións de Capital</i>	<i>60.350.070,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO	214.569.901,00 €

ESTADO DE INGRESOS

OPERACIÓNS CORRENTES	
Capítulo 1.- Impostos directos	18.579.516,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos	14.082.457,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.395.054,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	160.607.720,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	3.594.654,00 €
<i>Total Operacións correntes</i>	<i>212.259.401,00 €</i>
OPERACIÓNS DE CAPITAL	
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	850.500,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.200.000,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	260.000,00 €
<i>Total Operacións de Capital</i>	<i>2.310.500,00 €</i>
TOTAL ORZAMENTO	214.569.901,00 €

3.8316.- **BASES REGULADORAS DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN +PROVINCIA) 2025 (EXPTES. 2024083426 - 2024082825)**

Acceso ás intervencións:



<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/aTC2fyg3PcQuqNt6ZhScQQAAF7yu5Nz4td126T0iIU9Qpl23>

Cumprindo co previsto no artigo 36.2.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, dáse conta das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan+Provincia) 2025, (en adiante Plan+Provincia 2025). Deste modo, a Deputación de Pontevedra volve a cooperar cos municipios destinando inxentes recursos á acción de fomento mediante a concesión de subvencións públicas cuns ámbitos de actuación moi diversos e contribuindo, con elo, a un desenvolvemento socioeconómico coherente e equilibrado do territorio provincial.

O Plan+Provincia 2025 contén un enfoque integral e transversal, xa que mediante a cooperación económica, pretende, principalmente, facilitar a implementación das estratexias municipais garantindo o financiamento dos investimentos necesarios para prestar servizos á cidadanía ou para mellorar a xestión dos servizos públicos e actividades pero, indirectamente, contribúe á consecución doutros obxectivos de interese provincial como son a fixación da poboación ou a planificación do territorio, construíndo unha provincia máis forte e moderna, con máis servizos e de maior calidade.

Así mesmo, de conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), tras a súa aprobación polo Pleno Provincial, estas bases constituirán a normativa específica pola que se rexerá a concesión de subvencións ao abeiro do plan, sendo de aplicación supletoria as restantes normas de dereito administrativo.

Vista toda a documentación relativa ás citadas bases que obra no expediente núm. 2024078515; vistos os informes do Secretario Xeral, de data 2 de decembro de 2024 (CSV:T85OUYZ87ELFXMI); da xefa do servizo de cooperación, de data 17 de decembro de 2024 (CSV:3M2CY0KZA999P10R) e da Intervención Provincial, de data 17 de decembro de 2024 (CSV:69CU3SMXCF5UEACI) e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, de data 20 de decembro de 2024, (CSV:OER06BRR3T5UJOR2) emitido antes da súa elevación ao Pleno; de conformidade cos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 70 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o



Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar as Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan+Provincia) 2025.

O texto das bases reguladoras figura no expediente asociado á convocatoria núm. 2024082825 co seguinte CSV: XVMTIIP03YDGAXQN.

2º.- Ordenar a publicación destas Bases reguladoras e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<http://sede.depo.gal>).

4.8317.- **APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO CONSTRUTIVO DE ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP-2702 AMOEDO-OS VALOS DENDE O PQ 6+550 ATA O PQ 7+980 (CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN) E DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN (EXPT. 2024072125)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/XpGVaVtUXsx9XKIXGg2KE35tffr3EpGyWltKAWj2tF0B0zpn>

Antecedentes.

1. En xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85 e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Cumprindo co Decálogo de Criterios, e coa finalidade de actuar en consonancia coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo



respecto ao territorio e ao patrimonio construído e de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, redactouse o Proxecto construtivo de obras de “*Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo–Os Valos dende o p.q. 6+550 ata o p.q. 7+980 (Concello de Pazos de Borbén)*”. Preténdese mellorar as condicións de seguridade vial, establecéndose como principal obxectivo o ensanche da plataforma e a mellora das condicións xeométricas de determinados tramos que presentan parámetros mínimos, dificultando unha circulación cómoda e segura, polo que se proxecta a rectificación de varias aliñacións curvas. Ademais, vanse levar a cabo unha serie de actuacións que teñen por finalidade mellorar as características do tramo da estrada en beneficio dos usuarios, tales como tarefas de rehabilitación do firme en toda a plataforma, disposición de novos dispositivos hidráulicos ou repintado de marcas viais.

O orzamento das obras proxectadas é de novecentos sesenta mil catrocentos sesenta e cinco céntimos con trinta e cinco euros (960.465,35 €). Os prezos xustos polas expropiacións necesarias estímense en corenta mil cento corenta e nove euros con sesenta e sete céntimos (40.149,67 €).

2. En data 4 de novembro de 2024 asinouse un convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pazos de Borbén para a execución das obras. De conformidade co convenio formalizado, o importe total dos prezos xustos polos bens e dereitos afectados fináncianse integramente polo Concello de Pazos de Borbén.

Consideracións legais e técnicas.

1ª.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).



- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLSRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo.
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

2ª.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- Proxecto das obras - Código Seguro de Verificación CSV - CNSZYAAL8527JJ74 redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos José Plácido Gosende Tuñas.
- No anexo 13 do antedito proxecto sinálanse os terreos e bens que é necesario expropiar. A relación de parcelas e bens afectados figuran no Anexo I do presente Informe-Proposta.
- Informe, de 08/10/2024, de supervisión favorable do proxecto no que se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e ambiental e a necesidade de expropiación.
- Informe do xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 08/10/2024 respecto da declaración de urxencia de ocupación e motivación desta.
- Certificación catastral das parcelas obxecto de expropiación e nota simple informativa negativa do Rexistro da Propiedade de Redondela – Ponte Caldelas, de 13 de novembro de 2024.

Segundo o artigo 3.2 da LEF, salvo proba en contrario, a Administración que expropie considerará propietario ou titular a quen conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.

O artigo 17 da LEF esixe que a Administración formule unha relación concreta e individualizada na que se describan, en todos os aspectos, material



e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. Tras a exposición pública por medio do Boletín Oficial da Provincia e dos taboleiros do Concello, aprobaranse definitivamente a relación de propietarios e bens afectados, declarándose a necesidade de ocupación destes.

O acordo será publicado e notificado aos expropiados, iniciándose así o expediente de expropiación (artigo 20.2 do RLEF).

Nos casos de indeterminación ou descoñecemento dos titulares ou dos seus domicilios, a notificación deberá realizarse simultaneamente por Edictos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, en cuxo termo radiquen os bens (artigo 20.4 do mencionado Regulamento).

Unha vez realizado o Edicto de notificación no Boletín Oficial da Provincia, ante a falta de coñecemento do titular ou do domicilio deste e para que se lle poida notificar o expediente nas súas sucesivas actuacións, a LEF dispón que *“se entenderán as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refire o artigo 18, non compareceren no expediente os propietarios ou titulares”* (artigo 5.1).

3ª.- Motivación da declaración da urxencia da ocupación.

O artigo 56.1 do RLEF establece que “1. O acordo polo que se declare a urxente ocupación de bens afectados por unha expropiación, deberá estar debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, de ser o caso, xustifican o excepcional procedemento previsto no artigo 52 da Lei e contendo referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta ou ao proxecto de obras no que se determina, así como ao resultado da información pública na que por imposición legal ou, no seu defecto, por prazo de quince días, se oíra aos afectados pola expropiación de que se trate”.

No expediente consta o informe emitido polo xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas de 8 de outubro de 2024 no que sinala que “Dende o punto de vista técnico, considérase axeitado iniciar o expediente de expropiación pola vía da urxencia, xa que na zona de actuación, actualmente o treito da estrada é de dobre sentido de circulación cun ancho insuficiente e sen beiravías que afecta á seguridade dos usuarios da vía e provoca que se creen situacións de perigo cos vehículos que discorren por ela”.

Para eliminar esta zona perigosa existente, vese necesario por seguridade viaria executar as devanditas obras nese treito que permita o tránsito seguro, véndonos obrigados a expropiar de forma urxente 30 parcelas de titularidade



privada para poder conseguir así unha maior seguridade viaria na zona de actuación para tódolos usuarios da vía”.

O artigo 56.1 do REG (efectos da aprobación definitiva dos proxectos) establece:

“1. A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:

- a) A declaración de utilidade pública.
- b) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.
- c) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para o trazado de planta do proxecto.
- d) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente.
- e) A declaración da urxencia da ocupación.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, será imprescindible que o anteprojecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente inclúa, entre os documentos que o compoñen, a relación concreta e individualizada na cal se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa.

3. Logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos na lexislación de estradas de Galicia e neste regulamento serán efectivas respecto dos terreos que afecten a actuación correspondente (artigo 22.6 LEG)”.

4^a.- Información pública – Prazo de exposición pública.

O artigo 93 do TRRL dispón: “A aprobación dos proxectos de obras locais axustarase ao procedemento legalmente establecido. En todo caso, as



provinciais, unha vez tomados en consideración os proxectos pola Deputación Provincial, serán sometidos a información pública con carácter previo á súa resolución definitiva”.

A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da LEG e 44 a 57 do RXEG.

Con respecto á información pública regúlanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21.1 da LEG e 49.1 e 2 do RXEG. Son preceptivos -información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 e 2 do RXEG:

- “a) Construción de novas estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.
- b) Modificacións substanciais de estradas existentes que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que existe afección significativa nos seguintes supostos:
 - 1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.
 - 2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (Artigo 21.1 LEG)”.

“2. Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:

- a) Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia.
- b) Actuacións que requiran un estudo de viabilidade, por estar prevista a súa execución e explotación en réxime de concesión de obra pública, segundo o exixido na lexislación de contratos do sector público.
- c) Actuacións en municipios que carezan de planeamento urbanístico municipal, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e en terreos que teñan a consideración de urbanos, segundo os criterios previstos na lexislación urbanística”.



No artigo 49.3 do RXEG establécese que no resto de estudos e proxectos, a decisión de sometemento aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas será potestativa da administración promotora da actuación.

Finalmente, no 49.4 do RXEG establécese que: *“Para os efectos deste artigo, en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme e, en xeral, todas aquelas outras actuacións que non impliquen un cambio da súa clasificación ou que non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade dunha estrada preexistente.”*

Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, non estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto. Non obstante a esixencia de que a aprobación definitiva do proxecto se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa obriga á exposición pública por un período de quince días (art. 17 e 56.1 do RLEF) da relación dos bens e dereitos, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. Esta consideración, unida á previsión do artigo 93 do TRRL tal e como se sinalou en informe de Secretaría de 12.02.2021, lévanos a concluír que a exposición pública ha de ter lugar podendo ser, simultánea á exposición do proxecto e á da relación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa.

Con respecto do prazo de exposición do proxecto se temos en conta o establecido no derradeiro parágrafo do artigo 83.2 da LPAC non podería ser inferior a vinte días.

5ª Aprobación do proxecto.

Con respecto da Administración competente para a aprobación do proxecto segundo as circunstancias concorrentes neste expediente, considérase que do xogo combinado dos artigos 16 e 22.3 e 4 da LEG, así como dos artigos 55.3, 4 e 5, do REG, dedúcese, a salvo criterio mellor fundado, que a aprobación definitiva dos proxectos de obras promovidos polas Entidades Locais corresponderíalle á Xunta de Galicia:



- Cando precisen de exposición pública segundo o artigo 21.1 e no trámite algunha Administración expresase de maneira motivada a súa falta de conformidade co trazado proposto.
- Cando simultaneamente precisen de información pública segundo o art. 21.1 da Lei; e non se encontren incluídos nalgún dos instrumentos que sinala o artigo 22.4 (o Plan director de estradas de Galicia, o plan sectorial de estradas da administración promotora, nin no planeamento urbanístico municipal).

De tal forma que, de non precisar de información pública, a aprobación definitiva lle correspondería á propia Entidade local, sendo así mesmo a competente cando procedendo tal información non se presentase desconformidade co trazado por ningunha Administración e a actuación estea prevista nalgún dos instrumentos anteriores.

Na Deputación a competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), coas declaracións implícitas que supón a efectos da expropiación, estímase reside no Pleno de conformidade co art. 3.4 do RLEF. Non se encontrou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).

Conforme á memoria do proxecto non estamos ante a construción dunha estrada nova ou treito dela non previsto no planeamento urbanístico municipal, nin ante unha modificación substancial de estrada existente que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que, segundo a LEG, considérase que existe afección significativa nos seguintes supostos:

“1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.

En data 13 de agosto de 2024 a Secretaría Xeral indica que o seu informe non resulta preceptivo, e o Servizo de Intervención emite informe favorable en data 16 de decembro de 2024.



Por todo o exposto e visto o ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de *“Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo–Os Valos dende o p.q. 6+550 ata o p.q. 7+980 (Concello de Pazos de Borbén)”* cun orzamento de 960.465,35 € e 40.149,67 € en concepto de expropiacións.

Segundo.- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.

Terceiro.- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.

Cuarto.- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, nun dos diarios de maior circulación da provincia e no taboleiro de edictos do Concello onde radican os bens a expropiar, polo prazo de quince días hábiles, co fin de que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. De non producirse alegacións entenderase definitivamente aprobada.

Quinto.- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

Anexo.- Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

PARC. NÚM.	REF. CATASTRAL	SUPERFICIE EXPROPIACIÓN (m ²)	BENS AFECTADOS
1	36037A02100135	47,75	
5	36037A02100557	46,23	46,23 uds. de árbore madeirable.
7	36037A02100548	51,98	51,98 uds. de árbore madeirable.
8	36037A02100547	8,23	8,23 uds. de árbore madeirable.
13	36037A02100544	4,74	4,74 uds. de árbore madeirable.



15	36037A02100571	126,52	126,52 uds. de árbore madeirable.
18	36037A02100574	46,16	46,16 uds. de árbore madeirable.
19	36037A02100524	26,25	26,25 uds. de árbore madeirable.
20	36037A02100523	25,52	25,52 uds. de árbore madeirable.
21	36037A02100522	31,41	31,41 uds. de árbore madeirable.
22	36037A02100521	29,39	29,39 uds. de árbore madeirable.
23	36037A02100520	1,35	1,35 uds. de árbore madeirable.
25	36037A02100519	56,62	56,62 uds. de árbore madeirable.
26	36037A02100518	60,44	60,44 uds. de árbore madeirable.
27	36037A02100516	28,25	28,25 uds. de árbore madeirable.
29	36037A02100508	154,29	154,29 uds. de árbore madeirable.
28	36037A02100515	26,06	26,06 uds. de árbore madeirable.
30	36037A02100507	53,13	53,13 uds. de árbore madeirable.
31	36037A02100490	7,57	7,57 uds. de árbore madeirable.
35	36037A02100641	7,62	7,62 uds. de árbore madeirable.
32	36037A02100506	87,53	87,53 uds. de árbore madeirable.
33	36037A02100505	66,38	66,38 uds. de árbore madeirable.
34	36037A02100504	46,76	46,76 uds. de árbore madeirable.
39	36037A02100503	1,23	1,23 uds. de árbore madeirable.
36	36037A02100639	1,32	1,32 uds. de árbore madeirable.
37	36037A02100501	10,78	10,78 uds. de árbore madeirable.
40	36037A02100598	7,33	7,33 uds. de árbore madeirable.
41	36037A02100502	13,56	13,56 uds. de árbore madeirable.
43	36037A02160001	307,99	307,99 uds. de árbore madeirable.
44	36045A03000167	582,69	582,69 uds. de árbore madeirable.

5.8318.- **RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 17 DE DECEMBRO DE 2024 (NÚM. REXISTRO 2024009631) RELATIVA Á ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) E AO CONTRATO CENTRALIZADO 67/2024 PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS POSTAIS Á FEGAMP E ÁS ENTIDADES ASOCIADAS A DITA CENTRAL DE CONTRATACIÓN (EXPTES. 2024082522 - 2024075859)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/DWXliW5vI4pXPwP1Oo1qQNSKYNWhbHNXOybhL7SUbzVKoT14>



Desde o 1 de xaneiro de 2010 a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) mantén un convenio con Correos e Telégrafos SA, para prestar o servizo postal aos concellos galegos con tarifas públicas. A Deputación de Pontevedra está incluída dentro deste convenio.

En data 11 de novembro de 2024, mediante escrito con núm. de Rexistro 2024020649 a FEGAMP comúncalle á Deputación de Pontevedra que o 31 de decembro de 2024 finaliza o convenio que ten asinado coa Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, non podendo ser prorrogado. Así mesmo, indícalle que a Federación adoptou o acordo de crear a Central de Contratación para a licitación dos servizos postais e telegráficos, e que neste momento están a piques de rematar o procedemento de licitación e de asinar o contrato centralizado, que lles permitirá dar continuidade e mellorar o servizo prestado ata o de agora. Tamén se sinala que para que a Deputación de Pontevedra continúe beneficiándose, é necesario a súa adhesión a esa Central de Contratación, que deberá formalizarse cubrindo e asinando un documento que se adxunta co escrito e remitilo antes do vindeiro 20 de decembro de 2024. Se non se realizara esta adhesión, a partir do 31 de decembro deste mesmo ano, a Deputación pasaría a aboar a tarifa ordinaria, sen descontos e sen facturación mensual, entre outras melloras.

A prestación dos servizos postais é un servizo esencial para a Deputación de Pontevedra, necesario para comunicarse con aqueles cidadáns destinatarios dos servizos públicos que non teñen a obrigaçión profesional de comunicarse electronicamente coas administracións (artigos 14 e 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Ademais, todas as comunicacións que se deben realizar mediante correo ordinario ou certificado, teñen saída a través de empresa externa para que as reparta e faga entrega aos seus destinatarios. Sobre todo cando as notificacións da Deputación de Pontevedra teñen o carácter de actos administrativos que, en cumprimento co establecido nos artigos 40 e seguintes da LPACAP, teñen que ser notificados aos interesados. Estas notificacións, para ser válidas, necesitan que na súa práctica realícense coa fehaciencia xurídica da súa entrega, para que se teña constancia da súa recepción e non causen invalidez ao procedemento administrativo.

Tendo en conta que estas actuacións non poden ser desempeñadas por persoal propio empregado público provincial, pois non se dispón de



orzamento suficiente, do persoal necesario e non se conta cos medios ou a infraestrutura de vehículos, é preciso contratar unha empresa externa que se encargue das tarefas de recollida, admisión, clasificación, tratamento, curso, transporte, distribución e entrega a domicilio dos envíos postais ou avisos de recibo. A opción de adherirse á Central de Contratación da FEGAMP para a contratación desta empresa externa resultará moi beneficiosa en aforro de tempo e custes.

Con data 27 de novembro de 2024, o Xefe de Contratación, Facenda e Patrimonio, co visto e praxe da Deputada Delegada, propón a adhesión da Deputación de Pontevedra á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma, e ao contrato centralizado 67/2024 para a prestación de servizos postais á FEGAMP e as súas entidades asociadas da Central de Contratación da FEGAMP, posto que a Deputación de Pontevedra figura no prego de cláusulas administrativas do citado acordo.

Visto o informe do Xefe de Servizo de Contratación e Patrimonio de data 28 de novembro de 2024, no que sinala que “... Vista a proposta do servizo de Contratación, considérase interesante a adhesión da Deputación á Central de Contratación creada pola FEGAMP para a contratación desta prestación de servizos, ademais de que permitiría contratar outros servizos e subministracións nas condicións e prezos determinados nos acordos marco que se puidesen subscribir coas empresas adjudicatarias, simplificando os procesos de contratación e reducindo custos.

Esta adhesión ten carácter voluntario e non supón en ningún caso a obriga de efectuar todas as contratacións a través da Central de Contratación da FEGAMP, podendo sempre a Entidade Local optar por utilizar este sistema ou calquera outro establecido na lexislación de contratación pública.

Dado que a priori se descoñece o tipo e número de contratos que se poidan realizar e, polo tanto, non é posible a cuantificación dos mesmos, considérase que dito acordo debe corresponder ao Pleno, como órgano colexiado da institución, o que supón unha maior garantía de procedemento.

No obstante, tendo en conta a data na que se lle comunicou á Deputación de Pontevedra a creación da Central de Contratación e a periodicidade das sesións do Pleno, é imposible que este órgano poida adoptar ese acordo, polo que, en base ao artigo 34.1.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local convén, pola urxencia do asunto, a súa aprobación polo Presidente, dando conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre para a súa ratificación”.

Tendo en conta que a FEGAMP, por acordo da súa Comisión Executiva de 21 de maio de 2024, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao



amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

A adhesión da Deputación de Pontevedra á Central de Contratación creada pola FEGAMP permitiría contratar os servizos e subministracións que se determinen pola citada Central, de conformidade coas condicións e prezos que se fixen nos correspondentes acordos marcos, sistemas dinámicos ou contratos que se puidesen subscribir coas empresas adxudicatarias dos mesmos, o que facilitaría ou simplificaría os procesos de contratación e adxudicación, e suporía unha economía de escala na contratación pública e por conseguinte a redución do gasto público.

Entre os contratos formalizados pola devandita Central atópase o do contrato centralizado 67/2024 para a prestación de servizos postais á FEGAMP e as súas entidades asociadas, adxudicado a SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS, S.A. S.M.E. (NIF: A83052407) con data de 18 de novembro de 2024, que permitirá darlle continuidade e mellorar o servizo postal prestado ata o de agora.

Tendo en conta que a Central de Contratación da FEGAMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que as entidades do sector público poderán centralizar a contratación de obras, servizos e subministracións, atribuíndoas a servizos especializados. As centrais de contratación actuarán adquirindo subministracións e servizos para outros entes do sector público, ou adxudicando contratos ou celebrando acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición para a realización de obras, subministracións ou servizos destinados aos mesmos. As centrais de contratación suxeitaranse, na adxudicación dos contratos, acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que celebren, ás disposicións da presente Lei e as súas normas de desenvolvemento.

De conformidade coa referida normativa, mediante os correspondentes acordos, as Entidades locais poderán adherirse a sistemas de adquisición centralizada doutras entidades do sector público.



Tendo en conta que a Deputación de Pontevedra está interesada na utilización da Central de Contratación creada pola FEGAMP, a fin de poder utilizar os servizos e subministracións que se determinen pola citada Central, de conformidade coas condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marcos que se puidesen subscribir coas empresas adxudicatarias dos mesmos, o que facilitará ou simplificará os procesos de contratación e adxudicación, e suporá unha economía de escala na contratación pública e por conseguinte a redución do gasto público.

Para facer efectiva dita adhesión á Central de Contratación, precísase a adopción de acordo expreso desta Entidade así como a súa remisión á FEGAMP, conforme aos modelos que se faciliten.

Tendo en conta que a Intervención realiza a previsión futura de retención de crédito para o exercicio 2025 mediante os documentos RCFUT1:

CENTRO XESTOR	RCFUT1	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (IVE engadido)
Medio Ambiente	202400267043	25/410.4120.222.01	700,00€
Centro Príncipe Felipe	202400267137	25/232.2312.222.01	2.000,00€
ORAL	202400246677	25/932.9320.222.01	1.700.000,00€
Servizos Centrais	202400267147	25/920.9200.222.01	25.000,00€

quedando condicionado o gasto para todas as anualidades futuras (2025 e 2026) á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias que serán, no seu caso, para a anualidade 2025 as indicadas no cadro que antecede e para o ano 2026 as seguintes:

CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (IVE engadido)
Medio Ambiente	26/410.4120.222.01	700,00€
Centro Príncipe Felipe	26/232.2312.222.01	2.000,00€
ORAL	26/932.9320.222.01	1.700.000,00€
Servizos Centrais	26/920.9200.222.01	25.000,00€

Tendo en conta que en data 10/12/2024 a Secretaría Xeral presta conformidade ao informe do Xefe de Servizo de Contratación de data 28/11/2024.



Tendo en conta que, con data 12/12/2024, a Intervención mostra a súa conformidade coa presente proposta.

Considerando que o artigo 33.2 ñ) e o artigo 47.2 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esixe maioría absoluta do número legal de membros da Corporación para acordar a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas.

Considerando que debido a data na que se comunicou a creación da Central de Contratación da FEGAMP e a periodicidade das sesións do pleno, é imposible que ese órgano poida adoptar o acordo, polo que convén, en base ao artigo 34.1.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pola urxencia do asunto, a súa aprobación polo Presidente, dando conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre para a súa ratificación.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

Primeiro: Ratificar o contido da Resolución Presidencial Núm. 2024009631 de data 17/12/2024 de Adhesión á central de Contratación da FEGAMP e ao contrato centralizado 67/2024 para a prestación de servizos postais á FEGAMP e ás súas entidades asociadas, que é o seguinte:

“EXPEDIENTE	2024075859
ASUNTO	ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP E AO CONTRATO CENTRALIZADO 67/2024 PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS POSTAIS Á FEGAMP E ÁS SÚAS ENTIDADES ASOCIADAS DE DITA CENTRAL DE CONTRATACIÓN
TRÁMITE	Adhesión á Central de Contratación da FEGAMP e ao contrato centralizado 67/2024

O Presidente, no exercicio das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN

Desde o 1 de xaneiro de 2010 a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) mantén un convenio con Correos e Telégrafos SA, para prestar o servizo postal aos concellos galegos con tarifas públicas. A Deputación de Pontevedra está incluída dentro deste convenio.



En data 11 de novembro de 2024, mediante escrito con Núm. de Rexistro 2024020649 a FEGAMP comúncalle á Deputación de Pontevedra que o 31 de decembro finaliza o convenio que ten asinado coa Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, non podendo ser prorrogado. Así mesmo, indícalle que a Federación adoptou o acordo de crear a Central de Contratación para a licitación dos servizos postais e telegráficos, e que neste momento están a piques de rematar o procedemento de licitación e de asinar o contrato centralizado, que lles permitirá dar continuidade e mellorar o servizo prestado ata o de agora. Tamén se sinala que para que a Deputación de Pontevedra continúe beneficiándose, é necesario a súa adhesión a esa Central de contratación, que deberá formalizarse cubrindo e asinando un documento que se adxunta co escrito e remítilo antes do vindeiro 20 de decembro de 2024. Se non se realizara esta adhesión, a partir do 31 de decembro deste mesmo ano, a Deputación pasaría a aboar a tarifa ordinaria, sen descontos e sen facturación mensual, entre outras melloras.

A prestación dos servizos postais é un servizo esencial para a Deputación de Pontevedra, necesario para comunicarse con aqueles cidadáns destinatarios dos servizos públicos que non teñen a obrigaçión profesional de comunicarse electronicamente coas administracións (artigos 14 e 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Ademais, todas as comunicacións que se deben realizar mediante correo ordinario ou certificado, teñen saída a través de empresa externa para que as reparta e faga entrega aos seus destinatarios. Sobre todo cando as notificacións da Deputación de Pontevedra teñen o carácter de actos administrativos que, en cumprimento co establecido nos artigos 40 e seguintes da LPACAP, teñen que ser notificados aos interesados. Estas notificacións, para ser válidas, necesitan que na súa práctica se realicen coa fehaciencia xurídica da súa entrega, para que se teña constancia da súa recepción e non causen invalidez ao procedemento administrativo.

Tendo en conta que estas actuacións non poden ser desempeñadas por persoal propio empregado público provincial, pois non se dispón de orzamento suficiente, do persoal necesario e non se conta cos medios ou a infraestrutura de vehículos, é preciso contratar unha empresa externa que se encargue das tarefas de recollida, admisión, clasificación, tratamento, curso, transporte, distribución e entrega a domicilio dos envíos postais ou avisos de recibo. A opción de adherirse á Central de Contratación da FEGAMP para a contratación desta empresa externa resultará moi beneficiosa en aforro de tempo e custes.

Con data 27 de novembro de 2024, o Xefe de Contratación, Facenda e Patrimonio, co visto e prace da Deputada Delegada, propón a adhesión da Deputación de Pontevedra á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma, e ao contrato centralizado 67/2024 para a prestación de servizos postais á FEGAMP e as súas entidades asociadas da Central de Contratación da FEGAMP, posto que a Deputación de Pontevedra figura no prego de cláusulas administrativas do citado acordo.

Visto o informe do Xefe de Servizo de Contratación e Patrimonio de data 28 de novembro de 2024, no que sinala que "... Vista a proposta do servizo de Contratación, considérase



interesante a adhesión da Deputación á Central de Contratación creada pola FEGAMP para a contratación desta prestación de servizos, ademais de que permitiría contratar outros servizos e subministracións nas condicións e prezos determinados nos acordos marco que se puidesen subscribir coas empresas adxudicatarias, simplificando os procesos de contratación e reducindo custos.

Esta adhesión ten carácter voluntario e non supón en ningún caso a obriga de efectuar todas as contratacións a través da Central de Contratación da FEGAMP, podendo sempre a Entidade Local optar por utilizar este sistema ou calquera outro establecido na lexislación de contratación pública.

Dado que a priori se descoñece o tipo e número de contratos que se poidan realizar e, polo tanto, non é posible a cuantificación dos mesmos, considérase que dito acordo debe corresponder ao Pleno, como órgano colexiado da institución, o que supón unha maior garantía de procedemento.

Non obstante, tendo en conta a data na que se lle comunicou á Deputación de Pontevedra a creación da Central de Contratación e a periodicidade das sesións do Pleno, é imposible que este órgano poida adoptar ese acordo, polo que, en base ao artigo 34.1.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local convén, pola urxencia do asunto, a súa aprobación polo Presidente, dando conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre para a súa ratificación”.

Tendo en conta que a FEGAMP, por acordo da súa Comisión Executiva de 21 de maio de 2024, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

A adhesión da Deputación de Pontevedra á Central de Contratación creada pola FEGAMP permitiría contratar os servizos e subministracións que se determinen pola citada Central, de conformidade coas condicións e prezos que se fixen nos correspondentes acordos marcos, sistemas dinámicos ou contratos que se puidesen subscribir coas empresas adxudicatarias dos mesmos, o que facilitaría ou simplificaría os procesos de contratación e adxudicación, e suporía unha economía de escala na contratación pública e por conseguinte a redución do gasto público.

Entre os contratos formalizados pola devandita Central atópase o do contrato centralizado 67/2024 para a prestación de servizos postais á FEGAMP e as súas entidades asociadas, adxudicado a SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS, S.A. S.M.E. (NIF: A83052407) con data de 18 de novembro de 2024, que permitirá darlle continuidade e mellorar o servizo postal prestado ata o de agora.

Tendo en conta que a Central de Contratación da FEGAMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que as entidades do sector público poderán centralizar a contratación de obras, servizos e subministracións, atribuíndoa a servizos especializados. As centrais de contratación actuarán adquirindo subministracións e servizos para outros entes do sector



público, ou adxudicando contratos ou celebrando acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición para a realización de obras, subministracións ou servizos destinados aos mesmos. As centrais de contratación suxeitaranse, na adxudicación dos contratos, acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que celebren, ás disposicións da presente Lei e as súas normas de desenvolvemento.

De conformidade coa referida normativa, mediante os correspondentes acordos, as Entidades locais poderán adherirse a sistemas de adquisición centralizada doutras entidades do sector público.

Tendo en conta que a Deputación de Pontevedra está interesada na utilización da Central de Contratación creada pola FEGAMP, a fin de poder utilizar os servizos e subministracións que se determinen pola citada Central, de conformidade coas condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marcos que se puidesen subscribir coas empresas adxudicatarias dos mesmos, o que facilitará ou simplificará os procesos de contratación e adxudicación, e suporá unha economía de escala na contratación pública e por conseguinte a redución do gasto público.

Para facer efectiva dita adhesión á Central de Contratación, precísase a adopción de acordo expreso desta Entidade así como a súa remisión á FEGAMP, conforme aos modelos que se faciliten.

Tendo en conta o artigo 33.2 ñ) e o artigo 47.2 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que esixe maioría absoluta do número legal de membros da Corporación para acordar a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas. Non obstante, debido a data na que se comunicou a creación da Central de Contratación da FEGAMP e a periodicidade das sesións do pleno, é imposible que ese órgano poida adoptar o acordo, polo que convén, en base ao artigo 34.1.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pola urxencia do asunto, a súa aprobación polo Presidente, dando conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre para a súa ratificación.

Tendo en conta que a Intervención realiza a previsión futura de retención de crédito para o exercicio 2025 mediante os documentos RCFUT1:

CENTRO XESTOR	RCFUT1	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (IVE engadido)
Medio Ambiente	202400267043	25/410.4120.222.01	700,00€
Centro Príncipe Felipe	202400267137	25/232.2312.222.01	2.000,00€
ORAL	202400246677	25/932.9320.222.01	1.700.000,00€
Servizos Centrais	202400267147	25/920.9200.222.01	25.000,00€

quedando condicionado o gasto para todas as anualidades futuras (2025 e 2026) á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente



nas correspondentes aplicacións orzamentarias que serán, no seu caso, para a anualidade 2025 as indicadas no cadro que antecede e para o ano 2026 as seguintes:

CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (IVE engadido)
Medio Ambiente	26/410.4120.222.01	700,00€
Centro Príncipe Felipe	26/232.2312.222.01	2.000,00€
ORAL	26/932.9320.222.01	1.700.000,00€
Servizos Centrais	26/920.9200.222.01	25.000,00€

Tendo en conta que en data 10/12/2024 a Secretaría Xeral presta conformidade ao informe do Xefe de Servizo de Contratación de data 28/11/2024.

Tendo en conta que, con data 12/12/2024, a Intervención mostra a súa conformidade coa presente proposta.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; da base de execución do orzamento 16^a.1a), RESOLVO:

1. Aprobar a adhesión da Deputación de Pontevedra á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.
2. Aprobar a adhesión da Deputación de Pontevedra ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo (2 anos), incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden (establécese a posibilidade de 2 prórrogas anuais), comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.
3. Autorizar o gasto polo importe máximo de 3.463.850,00 euros, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, quedando condicionados ditos gastos á aprobación dos seus orzamentos é a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias:

ANUALIDADE	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2025	Medio Ambiente	410.4120.222.01	700,00 €
	Centro Príncipe Felipe	232.2312.222.01	2.000,00 €
	Oral	932.9320.222.01	1.700.000,00 €
	Secretaría Xeral	920.9200.222.01	25.000,00 €
2026	Medio Ambiente	410.4120.222.01	700,00 €



	Centro Príncipe Felipe	232.2312.222.01	2.000,00 €
	Oral	932.9320.222.01	1.700.000,00 €
	Secretaría Xeral	920.9200.222.01	25.000,00 €

4. Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, a Deputación de Pontevedra obrígase a:

- a. Designar a Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación e Patrimonio como persoa de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles.
- b. Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP toda a información e documentación lle sexa requirida en relación coa execución dos servizos contratados.
- c. Poner en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.
- d. Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.
- e. As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024075859	
Órgano xestor:	Medio Ambiente: LA0006119 Centro Príncipe Felipe: LA0006112 Oral: LA0006136 Secretaría Xeral: LA0006126	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

- f. Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.
5. Facultar á Deputada Delegada para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo.
6. Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre para a súa ratificación.

A adhesión á Central de Contratación da FEGAMP surtirá efecto a partir do día seguinte á data de toma do presente acordo e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non se modifique, denuncie ou resolva por vontade dunha das partes.”



6.8319.- **SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE CUNHA
SEGUNDA ACTIVIDADE NO SECTOR PRIVADO
DUN FUNCIONARIO ADSCRITO AO CENTRO
PRÍNCIPE FELIPE (EXPTES. 2024082236 -
2024077075)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/WRq2IXaK6EPxq0k0I9UD6ebFbCI87d5E2eJRETqDPVSKmc7P>

Visto o informe da xefa do Servizo de RRHH e Formación de data 12 de decembro de 2024, que textualmente di:

“ANTECEDENTES

1º.- Mediante escrito presentado no Rexistro xeral da Deputación Provincial de Pontevedra o 22 de novembro do 2024, Don Francisco Javier Zabaleta Bastos, con DNI nº ***1087**, funcionario de carreira como oficial de control e vixilancia do Centro Príncipe Felipe, solicita autorización con efectos do 01/12/2024 para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo cunha segunda actividade no sector privado como autónomo colaborador, realizando funcións de panificación e repostaría na empresa “Pastelería Cordo Cal”, os sábados e domingos en horario de 11:00h a 15:00h e algunha tarde de luns a venres de 17:00h a 21:00h, excepto os martes.

2º.- O posto de traballo que desempeña no Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra ten asignada unha retribución bruta mensual de 1.917,85 €.

3º.- O interesado percibe un complemento específico de 551,11 €/mes, que supera o 30% das retribucións básicas excluída a antigüidade (215,09€/mes), polo que renuncia á percepción desta cantidade.

4º.- Este recoñecemento non pode afectar á xornada e horario de traballo establecido no Centro Príncipe Felipe, de 8:00 a 15:00 horas de luns a venres.

CONSIDERACIÓNS NORMATIVAS

1º.- Lei 53/84, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

2º.- Real Decreto 598/85, do 30 de abril, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes.



3º.- Artigo 70.9 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se atribúe ao Pleno da Corporación Provincial a declaración de compatibilidade para o exercicio dunha segunda actividade no sector público ou privado.

4º.- Segundo o artigo 11 da Lei 53/84, do 26 de decembro e o artigo 9 do Real Decreto 598/85, do 30 de abril, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivese destinado. Exceptúanse da devandita prohibición as actividades particulares que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados.

5º.- De acordo co disposto no artigo 12.2 da Lei 53/84, as actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas soamente poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como prestación a tempo parcial.

6º.- Tal e como sinala o artigo 14 da Lei 53/84, o exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade. A resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade, que se ditará no prazo de dous meses, corresponde ao Ministerio da Presidencia, a proposta do Subsecretario do Departamento correspondente; ao órgano competente da Comunidade Autónoma ou ao Pleno da Corporación Local, previo informe, no seu caso, dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas.

Este recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo e horario do interesado e quedará automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto no sector público.

7º.- O artigo 16 da Lei 53/84, en redacción dada pola disposición final terceira do Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, indica que non poderá autorizarse ou recoñecerse compatibilidade ao persoal funcionario, ao persoal eventual e ao persoal laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir do apartado b) do artigo 24 do presente Estatuto inclúan o factor de incompatibilidade ao retribuído por



arancel e ao persoal directivo, incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección.

Así mesmo, o apartado 4 do citado precepto recolle de forma literal que “por excepción e sen prexuízo das limitacións establecidas nos artigos 1.º 3, 11, 12 e 13 da presente Lei, poderá recoñecerse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ó persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o 30 por 100 da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan o seu orixe na antigüidade”.

8º.- A actividade que desenvolve o interesado no Centro Príncipe Felipe non está incluída en ningún dos supostos que contempla o artigo 11 do RD para o non recoñecemento da compatibilidade.

9º.- A Disposición transitoria novena da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia determina que entrementes non se introduza o complemento retributivo do posto de traballo previsto por esta lei, todas as referencias a este último se entenderán feitas ó complemento específico existente á entrada en vigor da mesma, destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigosidade ou penosidade. En ningún caso poderá asignarse máis dun complemento específico a cada posto de traballo.

Así mesmo indica, no apartado dous, que entrementes non se produza a substitución do complemento específico mencionado no apartado anterior polo complemento de posto de traballo previsto pola presente lei, poderá recoñecerse, conforme ó disposto na normativa sobre incompatibilidades que resulte de aplicación, compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ó persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complemento específico ou concepto equiparable, sempre que a súa contía non supere o trinta por cento da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.

No suposto de que a contía de tal complemento supere o trinta por cento referido, poderá concederse a compatibilidade sempre e cando a persoa interesada renuncie á percepción do complemento específico ou concepto equivalente.

CONCLUSIÓN

En base ós antecedentes e consideracións normativas citadas anteriormente proponse conceder a Don Francisco Javier Zabaleta Bastos, con efectos do 1 de decembro de 2024, a compatibilidade solicitada para o desempeño dun



segundo posto de traballo no sector privado como autónomo colaborador na empresa “Pastelería Cordo Cal”, dedicada á fabricación e venda de pasteis, debendo implicar o posto de traballo no sector privado a presenza efectiva do interesado por un tempo inferior a 18 horas e 45 minutos semanais, de acordo co estipulado no artigo 12.2 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas. Como consecuencia, deixará de percibir o complemento específico.”

Considerando o exposto no informe da xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación de data 12 de decembro de 2024, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG:

Conceder autorización ó funcionario de carreira, Don Francisco Javier Zabaleta Bastos con efectos do 1 de decembro de 2024, para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo como oficial de control e vixilancia adscrito ó Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, cunha segunda actividade no sector privado como autónomo colaborador na empresa “Pastelería Cordo Cal”, dedicada á fabricación e venda de pasteis, debendo implicar o posto de traballo no sector privado a presenza efectiva do interesado por un tempo inferior a 18 horas e 45 minutos semanais, de acordo co estipulado no artigo 12.2 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas. Como consecuencia, deixará de percibir o complemento específico.

7.8320.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) DE SOLICITUDE AO GOBERNO DE ESPAÑA PARA ESIXIRLLE O SEU COMPROMISO COA CONSTRUCIÓN DA LIÑA DE ALTA VELOCIDADE FERROVIARIA VIGO-PORTO, PARA A SÚA POSTA EN FUNCIONAMENTO NO ANO 2030 (EXPTE. 2024082557)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/zwBiK5an8A9jt7A2wJAzLRQvtqNgyclOv0vsUWQMkZBC75MG>



O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda do 20 de decembro de 2024, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de solicitude ao Goberno de España para esixirlle o seu compromiso coa construción da liña de alta velocidade ferroviaria Vigo-Porto, para a súa posta en funcionamento no ano 2030.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Provincial do PP de Pontevedra está especialmente comprometido coa demanda de construción da liña de Alta Velocidade ferroviaria Vigo-Porto-Lisboa, con especial fincapé no que se refire á nosa conexión coa segunda cidade lusa, e por iso no pasado mes de setembro presentou ante esta corporación provincial unha moción que respaldaba a Proposición non de Lei relativa ao impulso deste percorrido presentada no Congreso dos Deputados e asinada por todos os representantes galegos na Cámara Alta.

Previamente, a propia Deputación de Pontevedra xa se adherira a un manifesto asinado o 2 de xullo deste ano na localidade portuguesa de Valença do Minho e que foi subscrito entre o presidente da Xunta de Galicia e o presidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal co obxectivo de defender esta infraestrutura tan prioritaria e estratéxica para o desenvolvemento social e económico, tanto de Galicia, e principalmente da provincia de Pontevedra e da cidade de Vigo, como de Portugal.

A importancia dese manifesto percibiuse en que, ao mesmo, sumáronse as Confederacións de Empresarios de Galicia e das catro provincias, así como as Deputacións de Lugo e Ourense, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), as Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial (AECT) Norte de Portugal, Río Miño e Chaves-Verín, as Universidades de Santiago de Compostela e A Coruña e os consellos sociais das tres universidades galegas, o Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal e a Fundación de Centro de Estudos Eurorexionais, no que se refire á parte galega.



Ademais, a postura reivindicativa do Grupo Provincial do PP de Pontevedra, que defendemos en todas as institucións e ante todas as administracións co obxectivo de que a cidade de Vigo e a provincia teñan as infraestruturas ferroviarias que merecen, estendeuse ao acto cívico organizado pola Xunta de Galicia en Vigo o pasado 4 de decembro baixo a denominación Queremos AVE Vigo-Porto: a Eurorrexión non pode perder o tren do progreso. Incluso, nese acto, encabezado polo presidente galego, Alfonso Rueda, e que congregou a todos os axentes e representantes sociais, económicos, sindicais ou empresariais de Galicia e do norte de Portugal, tamén estivo representada a propia Deputación de Pontevedra a través do seu presidente, Luis López, e outros membros do goberno provincial.

Sen embargo, e malia todas as accións que se están a desenvolver desde Galicia e desde a provincia de Pontevedra, seguimos a detectar unha firme resistencia por parte do Goberno de España, e nomeadamente do presidente, Pedro Sánchez, e do ministro Óscar Puente, a establecer, fixar e comprometerse cos prazos, os orzamentos e os fitos necesarios para que esta liña ferroviaria se active de inmediato e poida ser unha realidade, para a súa posta en funcionamento, no ano 2030, que era o compromiso inicial sobre a mesma.

Por elo, non nos cansaremos de reivindicar e solicitar as xustas infraestruturas, servizos e necesidades para a provincia de Pontevedra, polo que, dado que afrontamos un semestre decisivo para que esta liña ferroviaria poida estar executada dentro de seis anos, queremos reiterar a nosa solicitude ao Goberno de España desde esta corporación provincial baseándonos na forza do clamor social que existe na cidade de Vigo e no resto da provincia con esta Saída Sur da cidade.

Cómpre lembrar que, hai xa máis de dez anos tanto os representantes da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, como despois os sucesivos Cumios Ibéricos, recoñeceron a prioridade da conexión Vigo-Porto-Lisboa, que mesmo foi reiterada como fundamental no Cumio Ibérico de Lanzarote do ano 2023. Sen embargo, na cita deste ano celebrada na cidade portuguesa de Faro, o presidente español, Pedro Sánchez, priorizou a conexión ferroviaria rápida Madrid-Lisboa, xirando na política establecida ata o momento e malia que o seu homólogo portugués apostaba pola conexión con Galicia e poñía



sobre a mesa a adxudicación do primeiro treito ata Aveiro por 1.600 millóns de euros.

De feito, este compromiso do Goberno de Portugal foi reiterado polo seu ministro de Infraestruturas, Miguel Pinto Luz, ao presidente galego no encontro que mantiveron o pasado 23 de maio do presente ano, o que demostra a vontade inequívoca do país veciño, que conta co respaldo absoluto de Galicia, de considerar esta rede ferroviaria como estratéxica dentro do Corredor Atlántico e no marco da Unión Europea.

Deste xeito, atopámonos cunha demanda de toda a Eurorrexión, que aglutina a máis de 6 millóns de habitantes, e que está avanzando no lado portugués mentres o Goberno de España se está a botar atrás e a poñer de perfil nos seus compromisos cunha infraestrutura que se considerou como prioritaria, tamén pola súa parte, entre os anos 2013 e 2023.

De feito, esta postura obstrucionista do Goberno de España, totalmente visible pola falta de reposta, desde hai meses, sobre o Plan Director do Corredor Atlántico, xa motivou que o regulamento de redes ferroviarias prioritarias mudara ante a UE. Así, a falta de avances do Executivo central entre Vigo e Porto provocou que a liña Madrid-Lisboa se incluíse na rede básica e a Alta Velocidade da Eurorrexión se relegase á chamada rede básica ampliada co horizonte, inasumible para o PP Provincial e para a cidadanía galega, do ano 2040. Neste senso, cómpre lembrar que, tanto Galicia como o norte de Portugal, presentamos emendas no Parlamento Europeo ante unha decisión que vén derivada, exclusivamente, da falta de compromiso do Goberno de España.

Por elo, queremos esixirlle, de xeito reiterado, ao Goberno de España que teña a mesma implicación, compromiso, prazos e orzamentos para a Alta Velocidade ferroviaria entre Vigo e Porto que a que amosa para a liña entre as dúas capitais nacionais, onde vén de desbloquear o derradeiro treito en Talavera cun estudo informativo para rematar os 200 derradeiros quilómetros ata a fronteira.

De feito, cremos que elo é fundamental, tanto para cumprir cos compromisos que están vixentes desde hai máis dunha década como para fortalecer os vínculos económicos e sociais dunha contorna europea que reúne a máis de 6



millóns de habitantes e que se quere aproveitar, con todo o dereito, das inxentes oportunidades de futuro da Alta Velocidade ferroviaria.

Estamos ante unha demanda xusta e practicamente unánime, avalada por uns datos incontestables no que se refire ao potencial de uso e a rendibilidade, e que permitiría reducir as máis de dúas horas de viaxe en tren entre Vigo e Porto a uns xa máis acaídos, modernos e asumibles 50 minutos.

Deste xeito, favoreceríase a vertebración territorial e o desenvolvemento social e económico de España e Portugal grazas a unha infraestrutura prioritaria e estratéxica que potenciaría a consecución de avances significativos na realización de todos os proxectos que precisen ou se baseen na intercomunicabilidade no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. Reclamar ao presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez, que se comprometa publicamente coa construción da Alta Velocidade ferroviaria entre Vigo e Porto para a súa posta en funcionamento no ano 2030 tal e como se acordou nos Cumios Ibéricos entre os anos 2013 e 2023.
2. Esixirlle ao Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible que concrete unha programación completa de obras, orzamentos e prazos para o desenvolvemento da liña ferroviaria de Alta Velocidade Vigo-Porto-Lisboa e que garanta a conexión entre as dúas primeiras cidades no ano 2030.
3. Amosar o apoio desta corporación provincial ao Manifesto Queremos AVE Vigo-Porto: a Eurorrexión non pode perder o tren do progreso, publicado no acto cívico organizado pola Xunta de Galicia na cidade olívica o pasado 4 de decembro, e a adhesión da Deputación de Pontevedra aos seus postulados.

8.8321 **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) SOBRE O APOIO AO PACTO POLA LINGUA (EXPTE. 2024082563)**



Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/yODkQeASqecnYSUNU0Lyr10YCCLqbM4ZTT5undaUcXsHNkgZ>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico, do 20 de decembro de 2024, acorda por maioría, cos votos a favor do PP, cos votos en contra do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) sobre o apoio ao Pacto pola Lingua.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O marco normativo que protexe a nosa lingua outórgalle á Administración local un papel decisivo na promoción e normalización do uso do galego, en exercicio de competencia propia, sendo lexislación aplicable en materia de lingua galega para as deputacións e concellos de Galicia o art. 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia; os art. 4, 6, 11 e 25 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística e máis o art. 7 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, regulamentación internacional.

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento Galego en 2004, establece como obxectivos específicos para a Administración local o de “consolidar o papel normalizador das corporacións locais e das deputacións” e o de “incluír a promoción do galego no concepto de servizo que se lle ofrece á cidadanía”.

Así, as corporacións locais, que foron todo un exemplo de galeguización dende hai décadas, poden e deben desenvolver accións encamiñadas a implicar ó conxunto da sociedade no proceso de normalización lingüística. Por seren as administracións máis próximas á cidadanía, son moi apropiadas para desenvolveren accións encamiñadas á implicación cidadá, á dinamización, á recuperación social e ao incremento do uso e prestixio do idioma propio e oficial de Galicia nos distintos ámbitos e sectores sociais.

Alén disto, a Rede de Dinamización Lingüística da Xunta, así como outras entidades de marcado carácter municipalista, traballan a prol da colaboración e



das accións conxuntas entre as administracións autonómica e local, en resposta á necesidade de establecer unha dinámica de traballo conxunto coa que sumar esforzos, aproveitar sinerxías e evitar duplicidades. A colaboración entre as administracións constitúe, pois, unha liña estratéxica consolidada no labor común de protexer e promover a lingua propia de Galicia.

Despois das últimas eleccións autonómicas, o Goberno galego presentou ante o órgano legislativo a súa proposta de acadar, nesta lexislatura, un gran acordo entre todas as forzas políticas, no marco dun Pacto pola Lingua.

O Goberno galego puxo así enriba da mesa a súa vontade de chegar a un novo acordo en materia de política lingüística, con todas as forzas políticas representadas no Parlamento de Galicia e que inspirou as aprobacións da Lei de Normalización Lingüística e do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, deixando de lado todo aquilo que separa ideoloxicamente ás distintas forzas políticas, centrándose no elemento de unión de todos os galegos e galegas.

Os datos do IGE publicados recentemente constatan una situación nova para o galego, en relación sempre cun cambiante paradigma social no que teñen moito que ver novos hábitos de vida, de comunicación, especialmente entre as xeracións máis novas, ou as dinámicas demográficas marcadas por un forte incremento da chegada de novos/as galegos/as dende latitudes xeográfica e culturalmente distantes da nosa, entre outras causas.

Ademais das forzas representadas no Parlamento, o Goberno galego trasladou a súa intención de que neste acordo tamén participen os principais actores sociais do país, cobrando especial relevancia o papel das institucións máis próximas á cidadanía, como son as propias entidades locais e as Deputacións. Por todo isto, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1. Instar aos diferentes axentes sociais implicados na normalización lingüística a acadar un gran acordo, entre todas as forzas con representación parlamentaria, e declarar o seu apoio ao Pacto pola Lingua para iniciar así un gran pacto social de impulso do uso do galego.



2. Darlles traslado deste acordo á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.”

9.8322 **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA REPROBAR AO GOBERNO DA DEPUTACIÓN A SÚA ACTITUDE ANTIDEMOCRÁTICA PARA COS ALCALDES E ALCALDESAS DA NOSA PROVINCIA QUE NON SON DO PARTIDO POPULAR (EXPTE. 2024082680)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/FmNP1JARpY7NRDuI5YukpK327Yu70WF4LovAo2IldhUdKI5G>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos en contra do PP, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para reprobar ao goberno da Deputación a súa actitude antidemocrática para cos alcaldes e alcaldesas da nosa provincia que non son do Partido Popular.

Sendo as catorce horas e vinte e seis minutos auséntase o deputado D. Cesáreo Mosquera Lorenzo.

10.8323 **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN QUE INSTE Á XUNTA DE GALICIA A ACOMETER DE XEITO URXENTE A REFORMA INTEGRAL DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DA NOSA PROVINCIA (EXPTE. 2024082681)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/ryTDagKNQokU9Ox0nPYiJiv4ZC2dpYy3gqjKklP9HFVPOwar>



O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos en contra do PP, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia a acometer de xeito urxente a reforma integral dos centros educativos públicos da nosa provincia.

11.8324.- ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/sMrZqrWEmzZ16m8DtPctwEPy9c0fSbD0jYBfE3HhEBDWSkqy>

Fóra da orde do día e previa unánime declaración de urxencia tratouse o seguinte:

A) RENUNCIA Ó CARGO DE DEPUTADA PROVINCIAL PRESENTADA POR D^a. MARÍA ISABEL COUSELO TORRES (EXPTE.- 2024083171)

Dada conta do escrito presentado nesta Deputación con data 26 de decembro de 2024 (núm. de rexistro WEB2024080260) por María Isabel Couselo Torres, Deputada Provincial polo Partido Popular (PP) elixida en representación do Partido Xudicial de Pontevedra nas eleccións celebradas no ano 2023 renunciando ó cargo de Deputada Provincial.

Resultando que segundo certificación do Secretario da Xunta Electoral de Zona de Pontevedra (rex. entrada 2023014400 de 29/06/2023) proclamouse Deputadas/os Provinciais suplentes polo Partido Xudicial de Pontevedra en representación do Partido Popular a Ricardo Martínez Chantada, María Luisa Piñeiro Arcos e Angel Moldes Martínez.

Considerando o disposto nos artigos 9,4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 73.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 208 da Lei Orgánica 5/1985, de 9 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, así como a Instrución da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003.



O Pleno toma coñecemento da renuncia ó cargo de Deputada Provincial presentada por María Isabel Couselo Torres, remitindo certificación acreditativa do presente acordo á Xunta Electoral Central, con indicación de que a xuízo da Corporación Provincial e á vista da acta da Xunta Electoral de Zona de Pontevedra corresponde cubrir a citada vacante a Ricardo Martínez Chantada.

b) Parte de información e control:

12.8325.- **DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE NOVIEMBRE DE 2024 (EXPTES. 2024082242 – 2024079995)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/aldjWZZwKDiADtu6I9SkLxV0zIvriGrGjdAXcMRtrjk9EEDb>

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de novembro de 2024, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 9 de decembro de 2024, onde deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector



Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza-Tabeirós correspondente ao mes de novembro de 2024 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES NOVEMBRO 2024

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Novembro	10,0102487296	2.496.860,68	15,3324998214	1.086.263,14	11,6237473061
Escola de Enfermería	Novembro	4,2572945980	5.202,48	0,0000000000	0,00	4,2572945980
Consorcio de Incendios e Salvamento	Novembro	15,4367275617	80.423,09	27,2022644073	11.218,83	16,8770679401
Consorcio Deza-Tabeirós	Novembro	3,2298516100	11.112,30	19,3785172000	6.981,18	9,4606453127
TOTAL			2.593.598,55		1.104.463,15	11,7329835916

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.”



A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 20 de decembro de 2024 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de novembro de 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de novembro de 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

13.8326.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 26 DE NOVEMBRO DE 2024 (NÚM. REXISTRO 2024009075) DECLARANDO A EMERXENCIA NA TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA “REPARACIÓN DE PASO INFERIOR SOBRE O REGUEIRO DE PONTE FAROXO NO PQ 2+860 DA EP-7102 SERRAPIO-PORTELA (CERDEDO-COTOBADA)” (EXPTES. 2024082245 - 2024067672)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/IKP9OwcIpf3UorvYNUCHeq3LFPAIFGqiqPqm6FLPpmVZg5EL>

Por Resolución Presidencial número 2024009075 de data 26 de novembro de 2024 acordouse adxudicar á empresa, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L. (CIF B-94181807), o contrato para execución da obra “Reparación de paso inferior sobre o regueiro de Ponte Faroxo no PQ 2+860 da EP-7102 Serrapio-Portela (Cerdedo-Cotobade)”, polo trámite de



emerxencia, por un importe global de 98.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:

“RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

Nº Expediente	2024067672
Asunto	Adxudicando a Obra de Emerxencia para "Reparación de paso inferior sobre o regueiro de Ponte Faroxo no PQ 2+860 da EP-7102 Serrapio-Portela (Cerdedo-Cotobade)"
Trámite	Adxudicación

O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Resultando.- Que mediante informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, que consta no expediente con CSV: ARSSM08PE5IT48U0, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra "Reparación de paso inferior sobre o regueiro de Ponte Faroxo no PQ 2+860 da EP-7102 Serrapio-Portela (Cerdedo-Cotobade)".

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: “...Con motivo dunha inspección da obra de paso inferior sobre o Regueiro de Ponte Faroxo, na estrada provincial EP-7102 Serrapio-Portela, no punto quilométrico 2+860, no termo municipal de Cerdedo-Cotobade, detectáronse importantes danos estruturais. Os danos máis destacables son os que se detallan a continuación: Socavación baixo a zapata do estribo que se atopa a menos p.q., así como perda de material no trasdós de devandito estribo, co risco de asentado inmediato da estrutura; Humidades xeneralizadas con presenza de eflorescencias na cara inferior da lousa do taboleiro; Desconchados xeneralizados na cara inferior da lousa do taboleiro; Corrosión de armaduras debidas á perda de formigón de recubrimento das mesmas; Futura posibilidade de degradación de lousas debido á falta de xunta de dilatación. Todos estes danos deberán ser convenientemente identificados e valorados na fase de reparación dos mesmos, para cerciorarse da aparición doutras posibles patoloxías [...]. Todo elo está a provocar un risco na circulación que require dunha actuación de emerxencia para garantir a vialidade e evitar o grave risco de colapso da estrutura”.

Resultando.- Que no mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 98.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, propoñéndose á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L. (CIF B-94181807) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de CATRO (4) MESES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: HOZ602GM2208OS83 informe da Intervención no que se recolle que na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto nº 2024067672 existe crédito retido por importe de 98.000,00 € mediante documento RC nº 202400246329.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: W2MU468SRAL87SS8 informe do Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte: “...Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que debido a que con motivo dunha inspección da obra de paso inferior sobre o Regueiro de Ponte Farocho, na estrada provincial EP-7102 Serrapio-Portela, no punto quilométrico 2+860, no termo municipal de Cerdedo-Cotobade, detectáronse importantes danos estruturais.

Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico facéndose preciso actuar para evitar o avance do deterioro atopado e garantir a vialidade e evitar o grave risco de colapso da estrutura, tramítase este expediente, por solicitude deste servizo, por emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que caiba a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que senón se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme o artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do Orzamento Provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso a existencia de crédito suficiente.

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxados en que procede, concreta na exixencia de ter que actuar a



Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión.”

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A. (CIF A28271288), o Lote 3 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse no informe de inicio de expediente, á empresa TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A., para a adxudicación do Contrato derivado lote 3 AM seguridade e saúde na obra de emerxencia "Reparación de paso inferior sobre o regueiro de Ponte Faroxo no PQ 2+860 da EP-7102 Serrapio-Portela (Cerdedo-Cotobade)", por un importe estimado de 1.616,33 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con CSV: SJ0Q0HZ21LABJ3QS no que se recolle que na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2024067672, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíuse o documento RC nº 202400248585.

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l. 781/86, de 18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,

1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra "Reparación de paso inferior sobre o regueiro de Ponte Faroxo no PQ 2+860 da EP-7102 Serrapio-Portela (Cerdedo-Cotobade)".
2. Autorizar o gasto por importe de 98.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.



3. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L. (CIF B-94181807), o contrato de obras "Reparación de paso inferior sobre o regueiro de Ponte Faroxo no PQ 2+860 da EP-7102 Serrapio-Portela (Cerdedo-Cotobade)" por importe de 98.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	80.991,74 €
IVE (21%).....	17.008,26 €
Importe total.....	98.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

4. Nomear director de obra a Don César Paredes Rodríguez, enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

O prazo de execución estímase en CATRO (4) MESES.

Unicamente executarase o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizos facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda a súa tramitación. Máis información en <https://sede.depo.es/>. Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. N° Expediente: 2024067672.

5. Adxudicar á empresa TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A. (CIF A28271288), o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra de emerxencia "Reparación de paso inferior sobre o regueiro de Ponte Faroxo no PQ 2+860 da



EP-7102 Serrapio-Portela (Cerdedo-Cotobade)" (Expte 2024077437), por un importe de 1.616,33 €, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	1.335,81 €
IVE (21%).....	280,52 €
Importe total.....	1.616,33 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/56.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2024077437.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda na sesión ordinaria do día 20 de decembro de 2024 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2024009075 de data 26 de novembro de 2024 pola que se adxudicou á empresa, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L. (CIF B-94181807), o contrato para execución da obra “Reparación de paso inferior sobre o regueiro de Ponte Faroxo no PQ 2+860 da EP-7102 Serrapio-Portela (Cerdedo-Cotobade)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 98.000,00 euros, IVE engadido.

De conformidade co establecido no artigo 117 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, así como na base 16ª 1.e) de execución do vixente orzamento provincial, o Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2024009075 de data 26 de



novembro de 2024 pola que se adjudicou á empresa, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L. (CIF B-94181807), o contrato para execución da obra “Reparación de paso inferior sobre o regueiro de Ponte Faroxo no PQ 2+860 da EP-7102 Serrapio-Portela (Cerdedo-Cotobade)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 98.000,00 euros, IVE engadido.

14.8327.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/OhvNLU4FWqMFNX8GTr4uR49g6xn2Lit8kHz97Oxpihc6IL0Z>

Queda enterado o Pleno das seguintes:

- a) Relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente do mes de novembro de 2024.
- b) Relación de extractos de Resolucións do ORAL do mes de novembro de 2024.

15.8328.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/jV9HgIaz8P7GKIgNhdWQOzWwZszxEs5phprFAVafW7GyVwj>

Sr. Presidente.- Rogos e preguntas. Ten a palabra dona Ana Laura Iglesias. Perdón, que che dei, Manuela, che dei a ti.

Sra. Iglesias González.- Gracias, Presidente. Realmente non é un rogo nin unha pregunta, era, bueno, porque no, digamos no apartado anterior, aínda que agora non está presente, si que quixeramos trasladarlle, ¡ah!, perdón, bueno, pois o mellor, agora xa que se tomou en consideración a exdeputada de Infraestruturas, a señora Isabel Couselo pois desexarlle o mellor na súa nova etapa e, bueno, pois tamén recoñecer o seu traballo con esta institución, que ao final pois todas e todos os deputados e deputadas que formamos parte



desta institución, pois queremos sempre o mellor para a provincia de Pontevedra, así que nada, o noso recoñecemento tamén á deputada.

Sr. Presidente.- Moitas grazas. María, a deputada María Ortega, do Bloque Nacionalista, ten a palabra.

Sra. Ortega Iñarrea.- Moitas grazas. Na mesma liña, bueno, gustaríanos que, no punto de toma de razón nos deran a posibilidade nese momento de falar aos grupos para despedirnos dunha compañeira, porque non deixamos de ser compañeiros e compañeiras aínda que con sensibilidades diferentes, pero somos persoas, e todas e todos intentamos e cónstame que damos o mellor que podemos no exercicio da responsabilidade que nos toca. Moitísimas grazas Isabel, polo teu traballo neste tempo, que non compartimos moito polas circunstancias, un ano, pero encantadas, o meu grupo do BNG, que formaras parte desta Corporación, desexamos que teñas o mellor nas túas novas responsabilidades. Cóstanos que nos vas a botar de menos, porque aquí vaise a traballar un pouco menos que onde vas, e que tamén queremos aproveitar, porque aproveitando que o, “Sil pasa por Peares”, nas túas novas responsabilidades, por favor, traballa polo fomento da cultura galega e por acadar un pacto pola lingua que revitalice a lingua do noso país, a nosa lingua. Moitas grazas.

Sr. Presidente.- Moitas grazas. A verdade é que son destes formalismos que as ordes do día se levan, que non hai, só é dar conta, pero debería de haber un apartado, coincido plenamente con, ¡xa lle pos deberes, eh!, ¡esto! Bueno, pois agora si entramos na parte de rogos e preguntas. Pídeme, si, ten a palabra María Manuela Rodríguez Pumar, do Bloque Nacionalista Galego.

Sra. Rodríguez Pumar.- Recentemente na sede do Ministerio de Transición Ecolóxica estiveron a exposición pública na súa fase de consultas os proxectos de parques de eólica mariña denominados Boleira e Pinzón, pola afección aos diversos concellos da provincia. Dentro das entidades consultadas atopábase a Deputación Provincial de Pontevedra. Entón a pregunta é: ¿si este ente provincial presentou algunha consideración ao respecto dos parques, e, de ser así, cal ou cales e en que sentido foron?



Sr. Presidente.- Moitas grazas. ¿Algunha pregunta máis, algún rogo? Bueno, pois damos por finalizado este Pleno último do ano, ¿que? Feliz ano, por iso digo que os mellores desexos para o ano 25. Bo día a todos. Bueno, feliz año.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as catorce horas e corenta e sete minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á acta da presente sesión do Pleno desta Deputación do 27 de decembro de 2024 o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome “Pleno ordinario 27-decembro-2024”, que se conserva nos servidores desta Corporación, garantíndose a súa autenticidade e integridade co seguinte código de integridade SHA512 - dbcc361d05ecf0cc16c375354aa7a63e63e6a844e95f5e3ac08c60a8b97c9facbb58d7be3a952a2ee4f712bc1dbf09563f0231f8df21db0ee984ef6318e88f67 xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No soporte audiovisual quedan recollidas as intervencións as/os señoras/es deputadas/os que participaron nas deliberacións a modo de diario da sesións. O arquivo audiovisual pode consultarse no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra e na URL directa:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/watch?id=YzczNmRkNzctMzRjOS00NDQ1LWJlYmItMWU5YmNhZGJiNmMw>

- Minutaxe -----

00:00:01 - Asistentes : Luis López Diéguez, Luis; Secretario; Interventor; Guisasaola Padín, Marcos; Tourís Romero, Javier; Bastos Míguez, María Sandra; Álvarez Carrero, Roberto José; Couselo Torres, María Isabel; Vázquez Almuíña, Jesús; Cachafeiro Anta, Belén; Castro Domínguez, María Nava; Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro; Ramallo Vázquez, María Pilar; Domínguez Artime, Rafael; Cubela López, Jorge; Sánchez Méndez, Luisa María; Rivas Gómez, Digna Rosa; Iglesias González, Ana Laura; Agís Gómez, Gregorio Luís; Ferreira González, Paco; Mejías Sacaluga, Ana María; Gómez Díaz, Gorka; Gómez Prado, Carlos; Iglesias Mougán, Javier; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Pumar, María Manuela; Ortega Iñarrea,



- María; Mosquera Lorenzo, César.
00:08:27 - López Diéguez, Luis
- 00:08:38 : 1. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 29 de novembro.
- 00:08:53 : 2. Resolución de reclamacións e aprobación definitiva do orzamento xeral da deputación para o exercicio de 2025 (exptes. 2024082240-2024070707-2024051200-2024069258).
- 00:09:06 - Cubela López, Jorge
00:14:30 - Mosquera Lorenzo, César
00:19:59 - López Diéguez, Luis
00:20:17 - Iglesias González, Ana Laura
00:22:58 - López Diéguez, Luis
- 00:23:22 : 3. Bases reguladoras do plan de obras e servizos de competencia municipal (plan +provincia) 2025 (exptes. 2024083426 - 2024082825).
- 00:23:31 - Cubela López, Jorge
00:32:48 - Mosquera Lorenzo, César
00:40:02 - López Diéguez, Luis
00:40:09 - Iglesias González, Ana Laura
00:44:25 - López Diéguez, Luis
00:44:31 - Cubela López, Jorge
00:48:12 - López Diéguez, Luis
00:48:17 - Mosquera Lorenzo, César
00:50:37 - López Diéguez, Luis
00:50:44 - Iglesias González, Ana Laura
00:52:25 - López Diéguez, Luis
- 00:52:45 : 4. Aprobación inicial do proxecto construtivo de ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos dende o pq 6+550 ata o pq 7+980 (Concello de Pazos de Borbén) e do expediente de expropiación (expte. 2024072125).
- 00:53:08 - Cubela López, Jorge
00:54:26 - Cubela López, Jorge
00:54:30 - López Diéguez, Luis
00:54:38 - Agís Gómez, Gregorio Luís
00:55:54 - López Diéguez, Luis
- 00:56:20 : 5. Ratificación da resolución presidencial de data 17 de decembro de 2024 (núm. rexistro 2024009631) relativa á adhesión da deputación á central de contratación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e ao contrato centralizado 67/2024 para a prestación de servizos postais á FEGAMP e ás entidades asociadas a dita central de contratación (exptes. 2024082522 - 2024075859).
- 00:56:53 : 6. Solicitude de compatibilidade cunha segunda actividade



no sector privado dun funcionario adscrito ao Centro Príncipe Felipe (exptes. 2024082236 - 2024077075).

00:57:21 : 7. Moción do grupo provincial do Partido Popular (PP) de solicitude ao Goberno de España para esixirlle o seu compromiso coa construción da liña de alta velocidade ferroviaria Vigo-Porto, para a súa posta en funcionamento no ano 2030 (expte. 2024082557).

00:57:41 - Sánchez Méndez, Luisa
01:03:02 - López Diéguez, Luis
01:03:08 - Mosquera Lorenzo, César
01:06:43 - López Diéguez, Luis
01:06:51 - Iglesias González, Ana Laura
01:12:16 - López Diéguez, Luis
01:12:44 - Sánchez Méndez, Luisa
01:15:45 - López Diéguez, Luis
01:15:59 - Iglesias González, Ana Laura
01:19:04 - López Diéguez, Luis
01:19:18 - Sánchez Méndez, Luisa
01:20:40 - López Diéguez, Luis

01:22:27 : 8.Moción do grupo provincial do Partido Popular (PP) sobre o apoio ao Pacto pola Lingua (expte. 2024082563).

01:22:41 - Cubela López, Jorge
01:27:10 - López Diéguez, Luis
01:27:13 - Mosquera Lorenzo, César
01:32:28 - López Diéguez, Luis
01:32:37 - Gómez Prado, Carlos
01:37:48 - López Diéguez, Luis
01:37:53 - Cubela López, Jorge
01:41:32 - López Diéguez, Luis
01:41:58 - López Diéguez, Luis
01:42:04 - Mosquera Lorenzo, César
01:44:59 - López Diéguez, Luis
01:45:03 - Gómez Prado, Carlos
01:47:12 - López Diéguez, Luis
01:47:20 - Cubela López, Jorge
01:49:40 - López Diéguez, Luis

01:50:29 : 9.Moción do grupo provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para reprobar ao goberno da deputación a súa actitude antidemocrática para cos alcaldes e alcaldesas da nosa provincia que non son do Partido Popular (expte. 2024082680)

01:50:41 - López Diéguez, Luis
01:50:45 - Iglesias González, Ana Laura
01:56:53 - Cubela López, Jorge
02:02:36 - López Diéguez, Luis
02:02:42 - Iglesias González, Ana Laura
02:05:42 - López Diéguez, Luis



- 02:05:54 - Cubela López, Jorge
02:09:06 - López Diéguez, Luis
02:09:10 - Iglesias González, Ana Laura
02:11:23 - López Diéguez, Luis
- 02:19:37 : 10.Moción do grupo provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da deputación que inste á Xunta de Galicia a acometer de xeito urxente a reforma integral dos centros educativos públicos da nosa provincia (expte. 2024082681).
- 02:19:49 - Gómez Díaz, Gorka
02:23:43 - López Diéguez, Luis
02:23:48 - Mosquera Lorenzo, César
02:25:19 - López Diéguez, Luis
02:25:26 - Ramallo Vázquez, María Pilar
02:29:46 - López Diéguez, Luis
02:29:51 - Gómez Díaz, Gorka
02:33:05 - López Diéguez, Luis
02:33:21 - Ramallo Vázquez, María Pilar
02:36:41 - López Diéguez, Luis
02:36:51 - Gómez Díaz, Gorka
02:38:52 - López Diéguez, Luis
- 02:39:32 : 11.Asuntos fóra da orde do día
02:39:55 - Cubela López, Jorge
02:41:06 - López Diéguez, Luis
- 02:41:41 : 12.Dar conta do informe da intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de novembro de 2024 (exptes. 2024082242-2024079995).
- 02:41:56 : 13.Dar conta da resolución presidencial de data 26 de novembro de 2024 (núm. rexistro 2024009075) declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Reparación de paso inferior sobre o regueiro de Ponte Faroxo no pq 2+860 da ep-7102 Serrapio-Portela (Cerdedo-Cotobade)” (exptes. 2024082245 - 2024067672).
- 02:42:16 : 14.Dar conta das resolucións presidenciais.
- 02:42:24 : 15.Rogos e preguntas.
02:42:32 - Rodríguez Pumar, María Manuela
02:42:37 - Iglesias González, Ana Laura
02:43:23 - López Diéguez, Luis
02:43:30 - Ortega Iñarrea, María
02:44:49 - López Diéguez, Luis
02:45:15 - Rodríguez Pumar, María Manuela
02:45:45 - López Diéguez, Luis
02:46:29 : [FIN]

-- o --

